



**S REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 20 DE XULLO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Decreto polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto polo que se aprobou o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as distintas entidades prestadoras de servizos sociais da provincia da Coruña para o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as distintas entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Lugo para o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as distintas entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Pontevedra para o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual.



## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial *Ferrocarril de Vía Estrecha (FEVE)*, polo que se instrumenta a integración desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se designa a Santiago Pérez Torres como representante da Xunta de Galicia no Consello Social da Universidade da Coruña.
- Acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual na Orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- Acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual na Orde pola que se convocan bolsas para a realización do segundo ano dos estudos de terceiro ciclo nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que se convocan bolsas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia conducentes ao título de máster.

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o Consello Superior de Investigacións Científicas para a realización do proxecto Empresa Concepto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA)*, para o cofinanciamento dos proxectos EGEII e INTE.EU.GRID.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se sanciona unha bodega ourensá pola comisión dunha infracción moi grave e tres infraccións graves en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria cunha multa de 36.0004 euros.



## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o concello de Muros para a prestación de asistencia sanitaria en réxime ambulatorio aos beneficiarios da Seguridade Social no centro de saúde de titularidade municipal.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o concello de Negueira de Muñiz para a prestación de asistencia sanitaria en réxime ambulatorio aos beneficiarios da Seguridade Social no centro de saúde de titularidade municipal.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o concello de Dodro para a execución das obras de ampliación do centro de saúde, por importe de 180.000 euros.

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á convocatoria de bolsas para persoal auxiliar de investigación mariña (Técnicos especialistas en FP-21 e Técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior) que se encadran no programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á convocatoria de bolsas para a formación de persoal especialista en temas de investigación mariña correspondentes ao Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co concello de Outes para a execución das obras “Actuación de saneamento na bacía Galicia-Costa. Rede separativa de saneamento e pluviais no Cruceiro de Roo-A Serra. Outes (A Coruña)”, por un importe de 388.000 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co concello de Boiro para a execución das obras: “Plan de saneamento. Ampliación de saneamento en Boiro de Arriba. Boiro (A Coruña)” por importe de 150.513,80 euros.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Moraña para a adecuación,



selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, por importe de 205.781,23 euros.

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños (CEMMA) para o estudo e asistencia de mamíferos e tartarugas mariñas en Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello da Coruña para a execución das obras de “Melloras na rede de sumidoiros da cidade da Coruña por un importe de 624.155 euros”.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra para a execución das obras de “Mellora do medio natural e defensa ante inundacións. Saneamento e paseo fluvial do río dos Gafos. Pontevedra, por importe de 930.000 euros”.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo á sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun curso de especialización de posgraduados, baixo a denominación de Curso Superior de Relacións Laborais (XVII Edición).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Informe do Instituto Galego de Estatística sobre contabilidade trimestral.

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta sobre o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**



- Informe sobre doazón de sangue.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a prevención e extinción de incendios forestais na campaña de 2006.



## **O CONSELLO APROBA O REGULAMENTO ORGÁNICO DA ASESORÍA XURÍDICA DA XUNTA DE GALICIA**

- ***O decreto establece unha Secretaría de Asuntos Xerais e cinco gabinetes centrais dependentes da Asesoría, con rango de subdirección xeral***

O Goberno galego aprobou este xoves o decreto que fixa o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. O texto do decreto establece unha Secretaría de Asuntos Xerais, dependente da Dirección Xeral de Asuntos Xerais, con rango de xefatura de servizo, á quen lle corresponderán os asuntos de xestión de persoal e orzamentaria, rexistro xeral, arquivo, biblioteca e todo o concernente ao réxime interior do centro directivo.

Ademais e, paralelamente, establécense cinco gabinetes centrais da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, con nivel orgánico de subdirección xeral: gabinete de defensa xurisdiccional, gabinete de asuntos constitucionais, gabinete de asesoramento de apoio á actualización normativa, gabinete de desenvolvemento lexislativo e o gabinete de estudos e dereito comunitario.

A reforma da estrutura orgánica da Asesoría Xurídica pretende centrarse en diferentes aspectos. Así, créase unha unidade administrativa especializada na área de Dereito Constitucional, unha materia de suma relevancia e transcendencia na actividade ordinaria da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

En segundo lugar, pretende reforzarse nas súas funcións o gabinete de estudos e dereito comunitario.

Por outra banda, determínase co rango de xefatura de servizo, a Secretaría de Asuntos Xerais.

Finalmente, a reforma incide na necesidade de incorporar aos tribunais que xulgan os procesos selectivos para o acceso á Escala de Letrados da Xunta de Galicia, de profesores titulares das facultades de dereito pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia. A restrición na práctica a catedráticos causa dificultades debido ao escaso número de profesionais con tal titulación en Galicia, circunstancia que non favorece o necesario relevo nos membros do tribunal dunha oposición a outra.



## **O CONSELLO APROBA O DECRETO QUE REGULA O REXISTRO DE CONVENIOS DA XUNTA**

- ***A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar encargarse de xestionar este rexistro que pretende dotar de máis transparencia a actividade da Administración autonómica***
- ***Incluirá non só os convenios que asine a Xunta, senón tamén os dos seus organismos autónomos, fundacións ou consorcios e poderanse consultar a través de internet***

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto que regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste rexistro incluíranse todos convenios que asine a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, os entes de dereito público, as sociedades mercantís con capital público maioritario da Administración, as fundacións ou os consorcios, cuxos órganos de decisión estean integrados maioritariamente por representantes designados pola Xunta de Galicia. Así mesmo, neste rexistro, tamén se incluírán as prórrogas, modificacións, addendas ou acordos de resolución dos convenios.

Ata o de agora xa existía un rexistro de convenios na Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, pero estaba infradotado de medios e tamén na súa capacidade de actuación, xa que só recollía os convenios aprobados polo Consello da Xunta, é dicir, aqueles que recollen obrigas plurianuais ou que superan a contía de 150 mil euros para un ano.

Con este novo modelo de rexistro, dásele un xiro de 180 graos e convértese nun verdadeiro rexistro, tanto polo seu alcance, xa que incluírá todos os convenios, non só os que pasen polo Consello da Xunta, como pola dotación de medios que vai ter. Neste senso, este rexistro estará ao alcance de todo o público a través da rede. A relación de convenios inscritos no rexistro a os datos relativos ás partes asinantes, o seu obxecto, o seu financiamento e o prazo de vixencia, poderá ser consultado a través da páxina web da Xunta, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei de transparencia e boas prácticas na Administración Pública de Galicia e na normativa de protección de datos de carácter persoal.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da secretaria xeral de Relacións Institucionais, encargarse da xestión deste rexistro.

A revisión da actual normativa pretende dotar de maior sistematicidade e transparencia a actividade convencional da Xunta de Galicia e os seus órganos dependentes. O seu obxectivo fundamental é ampliar e delimitar o ámbito subxectivo e obxectivo do rexistro, regulamentar os seus procedementos de organización e de xestión e establecer mecanismos áxiles de publicidade e acceso a este rexistro, empregando as novas tecnoloxías e, en concreto, o acceso a Internet.

O Rexistro de Convenios constitúe un elemento fundamental para mellorar os mecanismos de actuación e transparencia da Xunta de Galicia, ao tempo que pretende



ser unha ferramenta de xestión ao servizo de todos os departamentos e órganos da administración autonómica.

### **Organización do rexistro**

O rexistro do convenio comprenderá cinco seccións. A primeira referida aos órganos constitucionais, administración xeral do Estado e organismos dependentes. A segunda relativa á Administración autonómica e organismos dependentes, a terceira recollerá os convenios asinados coa Administración local e organismos dependentes, a cuarta, cos medios de comunicación e, finalmente, a quinta, é a relativa aos outros convenios que non se inclúen nos puntos anteriores.





## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A OFERTA DE 2.461 PRAZAS DE PERSOAL ESTATUTARIO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O 2006**

- ***Un total de 1.498 prazas son de persoal sanitario, e 963 de persoal non sanitario, e distribúense en 26 categorías***
- ***Esta convocatoria responde ao compromiso da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de realizar unha convocatoria pública cada dous anos***

O Consello da Xunta aprobou tamén esta mañá o decreto polo que o Servizo Galego de Saúde oferta un total de 2.461 prazas de persoal estatutario. Delas, 1.498 prazas son de persoal sanitario, mentres que 963 son de persoal non sanitario.

Ofértanse estes novos postos de traballo en 26 categorías diferentes. As que teñen un maior número de prazas convocadas son as de persoal de Enfermaría (con 637 prazas), auxiliares de enfermaría (514), celador (270), e persoal de servizos xerais (217).

Esta Oferta de Emprego Público para o ano 2006, primeira tras a consolidación de emprego, materializa o compromiso da Consellería de Sanidade de potenciar a creación de emprego estable para os profesionais galegos, cumprindo igualmente o obxectivo de incorporar persoal fixo ao sistema sanitario cada dous anos.

Os exames poderían realizarse nos últimos meses deste ano. O sistema de selección será o concurso–oposición. O Diario Oficial de Galicia publicou na súa edición do 13 de xuño os temarios que rexerán as probas selectivas derivadas desta oferta de emprego público de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para 20 das categorías; e os vindeiros días publicarase a aprobación dos temarios das restantes.

Un 50 por cento do total das prazas convocadas en cada categoría están reservadas para a súa provisión polo sistema de promoción interna, duplicando as prazas deste tipo convocadas en anteriores procesos. Esta convocatoria negociouse na Mesa Sectorial que reúne os representantes da Administración e as organizacións sindicais UXT, CSI-CSIF, CIG, CEMSATSE, CCOO, e SAF.

Ademais, en cada convocatoria resérvase un número de prazas que representen como mínimo o cinco por cento, en número enteiro, das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade. No suposto de que algún aspirante da cota de reserva de discapacitados supere as probas correspondentes e non obtivese praza, e a súa puntuación definitiva no proceso sexa superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Por outra banda, para dar cumprimento á normalización do idioma galego, e para garantir o dereito das usuarias e usuarios dos distintos servizos sanitarios públicos ao uso do galego, así como a promoción do uso normal do idioma galego por parte dos poderes públicos de Galicia, terá que se acreditar o coñecemento da lingua galega nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.



A distribución das prazas nas 26 categorías é a seguinte:

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PAZAS</b>
ATS/DUE	637
AUXILIAR ENFERMARÍA	514
CALEFACTOR	6
CELADOR	270
COCIÑEIRO	18
CONDUTOR	6
FARMACÉUTICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA	46
FISIOTERAPEUTA	25
GRUPO AUXILIAR FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	162
GRUPO TÉCNICO FUNCIÓN ADMINISTRATIVO	15
GRUPO XESTIÓN	26
GRUPO ADMINISTRATIVO	22
LAVANDEIRA	19
MÉDICOS DE FAMILIA DE ATENCIÓN PRIMARIA	142
PASADORA DE FERRO	30
PERSOAL SERVIZOS XERAIS	217
PINCHE	152
TÉCNICO DE XESTIÓN DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	9
TÉCNICO ESPECIALISTA DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	5
TÉCNICO ESPECIALISTA ANATOMÍA PATOLÓXICA	6
TÉCNICO ESPECIALISTA HIXIENISTA DENTAL	6
TÉCNICO ESPECIALISTA LABORATORIO	52
TÉCNICO ESPECIALISTA RADIODIAGNÓSTICO	52
TÉCNICO ESPECIALISTA RADIOTERAPIA	11
TELEFONISTA	6
TERAPEUTA OCUPACIONAL	7
<b>TOTAL DE PRAZAS</b>	<b>2.461</b>



## **A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DESTINA PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS Á ATENCIÓN ESPECIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL EN TODA GALICIA**

- ***O Consello da Xunta da Xunta aprobará entre hoxe e a vindeira semana a sinatura de 25 convenios de colaboración con entidades prestadoras de servizos sociais***
- ***Vicepresidencia prevé incrementar este orzamento coa progresiva sinatura de novos acordos***
- ***O obxectivo é garantir a atención das persoas con discapacidade intelectual e promover a defensa dos seus dereitos***

A Vicepresidencia da Xunta destinará un total de 9,7 millóns de euros á atención especial de persoas con discapacidade intelectual en toda Galicia. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e un total de 24 entidades prestadoras de servizos sociais das provincias de Pontevedra, Lugo e A Coruña. A vindeira semana o Consello aprobará a sinatura doutro acordo de colaboración entre a Xunta e unha organización social da provincia de Ourense. Ademais, este orzamento global verase incrementado coa aprobación de novos convenios, que se irán asinando progresivamente logo da súa autorización por parte do Consello da Xunta.

Estes acordos de colaboración cubrirán os gastos dos servizos prestados desde xullo a decembro do presente ano, xa que os custos dos servizos dos primeiros seis meses son sufragados ao abeiro dos convenios asinados con anterioridade. Con estas axudas o departamento que dirixe Anxo Quintana apoiará o desenvolvemento e mantemento de programas de atención a persoas con discapacidade intelectual. O obxectivo desta iniciativa é garantir a atención deste colectivo, ao tempo que se promove a defensa da dignidade e dos dereitos das persoas discapacitadas intelctualmente.

As entidades beneficiarias prestarán atención específica ás persoas con discapacidade intelectual nas modalidades de centro residencial asistencial, centro de día, centro ocupacional, centro residencial ocupacional e vivenda comunitaria. A través desta iniciativa, a Vicepresidencia busca garantir a integración integral e personalizada a todos os usuarios destes servizos, ao tempo que se optimiza o funcionamento das súas capacidades procurando os máis altos niveis de autonomía persoal. Ademais de procurarlle os coidados precisos ás persoas discapacitadas, esta liña de axudas servirá para informar, asesorar e orientar ás familias destas persoas.

### **Máis investimento e transparencia**

A sinatura destes acordos suporá a posta en marcha nun novo e mellorado sistema de axudas para centros de servizos sociais a persoas con discapacidade intelectual. Con estes novos convenios, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar equipara as axudas económicas destinadas para os distintos tipos de centros, evitando así as diferenzas anteriores que facían que, segundo o tipo de servizo prestado, recibíuse unha maior ou menor cantidade económica, polo que existían importantes desequilibrios. Así, elimínanse



os desfases que existían antes entre as diferentes tipoloxías de centros e recóllense as peculiaridades propias de cada un deles á hora de determinar as achegas.

A Xunta de Galicia incrementará o investimento previsto para estes convenios xa que, mentres que en 2005 se destinaron 20 millóns de euros para as distintas asociacións, o vindeiro ano o orzamento ascende a 28 millóns de euros. Nesta liña, a Vicepresidencia aposta por unha maior transparencia no control destas achegas, polo que se levará a cabo unha política máis esixente no tocante ao control dos gastos.

Para a sinatura dos convenios e a concesión das axudas, a Vicepresidencia tivo en contra os distintos tipos de centros de atención a discapacitados intelectuais, os servizos prestados e o número de prazas de cada centro. Para facilitar a posta en marcha destes acordos e garantir o seu coñecemento entre os beneficiados, a Vicepresidencia manterá a finais deste mes xuntanzas informativas provinciais cos representantes das entidades coas que se asinarán os convenios. Nestes encontros, representantes da Vicepresidencia explicarán detalladamente o contido dos acordos e o sistema de xustificación dos que deberán achegar.

### **Entidades sociais**

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará acordos de colaboración coa Fundación Menela, Aspanex, Esclavas da Virxe Dolorosa-Crecente, Asociación Benéfica de padres y amigos de La Esperanza de Val Miñor, Orden Hospitalaria de San Juan de Dios-San Rafael, Aceesca, Apamp, Asociación Juan XXIII e Asociación San Xerome Emiliani, da provincia de Pontevedra. Estas entidades recibirán un total de 3.056.939 euros cos que custearán programas de atención específicos para persoas con discapacidade intelectual, como o transtorno do espectro autista, entre outras.

Na provincia de Lugo está prevista a sinatura de acordos con Aspnaís, Prodeme, Cruz Roja, Hijas de la Caridad San Vicente de Paul e Hijas de la Caridad San Vicente de Paul-Centro asistencial San Pablo e San Lázaro. Estas entidades sociais recibirán unha contía global de 1.821.220 euros.

No tocante á provincia da Coruña, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destinará 4.356.180 euros para Aspronaga, Asociación Nosa Señora de Chamorro, Aspas, Aspadex, Aspaber, Aspanaes, Aspace, Fundación Adcor e HH. Hospitalarias Sagrado Corazón de Betanzos. Asemade, na provincia de Ourense asinarase un convenio de colaboración coa asociación Aspanas, que recibirá un importe de 495.672 euros.



## **A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL SUBVENCIONARÁ PARTE DO SERVIZO FERROVIARIO ENTRE FERROL E NARÓN DENTRO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL**

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio entre a CPTOPT e Ferrocarriles de Vía Estrecha para que os usuarios se beneficien das bonificacións tarifarias***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade pública empresarial Ferrocarriles de Vía Estrecha (Feve) para que o servizo ferroviario entre Ferrol e a estación de Pedroso (Narón) se inclúa no Plan de Transporte Metropolitano de Ferrol e a súa área de influencia.

Este acordo, que será asinado hoxe mesmo, estará en vigor ata o 31 de decembro de 2008, período durante o cal a Consellería aportará preto de 305.000 euros que se repartirán en distintas partidas para as bonificacións tarifarias aos usuarios (162.700 euros en tres anualidades), para a adaptación informática necesaria para o uso da tarxeta metropolitana como medio de pagamento (49.700 euros este ano) e para a mellora de infraestruturas de transportes (ata un máximo de 92.500 euros).

Unha vez que a incorporación do citado servizo se faga efectiva, os usuarios da liña Ferrol-Narón e viceversa que efectúen o pagamento do billete coa tarxeta moedeiro que xa funciona na área de Ferrol poderán beneficiarse das bonificacións establecidas en dita área e, polo tanto, pagarán a mesma tarifa que no transporte por estrada, é dicir, 0,67 euros. A Consellería de Política Territorial aboará a Feve unha compensación de 0,225 euros por ticket expedido con cargo á tarxeta metropolitana, mentres que Feve asume o resto do importe (0'125 euros) ata completar o total da bonificación (0'350 euros).

Deste xeito, Feve adhírese ao sistema de pagamentos desenvolvido pola Consellería en colaboración con unha entidade financeira, polo que deberá instalar as máquinas expendedoras e canceladoras compatibles co sistema de pago do transporte metropolitano. Así, a tarxeta metropolitana será o medio de pagamento ordinario, aínda que a entidade pública poderá seguir expedindo billetes como xa fai na actualidade pero estes non contarán con bonificación.

A incorporación de Feve ao Plan de Transporte Metropolitano responde ao obxectivo de estender as medidas de promoción do transporte colectivo de viaxeiros a calquera outro modo de transporte, como pode ser o ferroviario. No caso de Ferrol, os servizos ferroviarios prestados por Feve con carácter de cercanías, presentan moitas coincidencias cos servizos de transporte por estrada tanto en prezo como en volume de desprazados, ao tempo que contribúen significativamente á desconxestión dos núcleos urbanos.



## **EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS EN BOLSAS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS DE TERCEIRO CICLO E POSGRAO**

- ***A institución convoca 25 bolsas para estudos de posgrao conducentes a máster e 130 de nova adxudicación para terceiro ciclo***
- ***A Consellería destina 891.000 euros a axudas para os estudantes de segundo curso do terceiro ciclo***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a convocatoria de bolsas para estudos de terceiro ciclo e de posgrao conducentes ao título de máster, cun financiamento total de 2.104.495 euros. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca 25 bolsas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades galegas conducentes ao título de máster. Estas axudas teñen como finalidade a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario de Galicia ao Espazo Europeo de Educación Superior, que establece novos títulos oficiais de posgrao, e en particular de máster.

Para a concesión destas bolsas destínanse 195.725 euros. No ano 2006 desembolsaranse 55.100, mentres que os restantes 140.625 se achegarán no 2007.

Educación convoca ademais 130 bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades galegas, cun investimento de 1.017.770 euros, dos cales 286.520 se desembolsarán no ano 2006, e 731.250 en 2007. Estas axudas teñen como finalidade contribuir ao financiamento daqueles alumnos que, en función da súa capacitación, poidan converterse no xerme dunha nova xeración de investigadores.

A duración das bolsas de terceiro ciclo e das de máster é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2006 e setembro de 2007. A contía nos dous casos será de 600 euros mensuais. Ademais, os beneficiarios recibirán un importe de 379 euros en concepto de axuda á matrícula co primeiro pagamento da bolsa.

Por último, a Consellería investirá 891.000 euros en axudas destinadas aos alumnos de segundo ano dos estudos de terceiro ciclo. No ano 2006 desembolsará 245.025 euros, mentres que no 2007 achegará 645.975. A estas bolsas poderán optar aqueles alumnos que resultasen beneficiarios dunha bolsa de terceiro ciclo de nova adxudicación no curso 2005/06.

A duración da bolsa é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2006 e setembro de 2007. A contía será de 700 euros mensuais. Os estudantes percibirán ademais un importe de 325 euros en concepto de axuda á matrícula.

Esta convocatoria de bolsas introduce como novidade respecto das anteriores o dereito dos bolseiros ao acceso a un sistema de cobertura social, ou de ser o caso, á acollida ao Estatuto do persoal investigador en formación.



## **NOMEADO SANTIAGO PÉREZ TORRES COMO NOVO MEMBRO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

O Consello da Xunta autorizou hoxe o nomeamento de Santiago Pérez Torres como representante do Goberno galego no Consello Social da Universidade de A Coruña, en substitución de Juan Caamaño Cebreiro, que renunciou ao este posto en xuño deste ano.

Santiago Pérez Torres naceu en San Clodio – Leiro (Ourense) e reside en Ferrol. Iniciou as súas actividades empresariais no sector marítimo-portuario en Marín como socio fundador da compañía *Pérez Torres y Cía, S.L.* que despois de estendeu á maioría dos portos galegos.

Na actualidade participa ademais noutros sectores como o transporte, transformación de granito, inmobiliario, etc. a través de distintas sociedades de ámbito nacional e internacional.

Santiago Pérez Torres está tamén vinculado a varias institucións como Eurocast Network Association (ENA), con sede en París; Asociación Española do Transporte Marítimo de Curta Distancia – Short Sea; ANESCO; Club de Economía Iñás; Asociación de Consignatarios de Ferrol (ASCOFER); Sociedade Estatal de Estiva e Desestiba de Ferrol; Unión de Empresarios de Ferrol e a Fundación Ferrol Metròpoli.



## **SANCIONADA UNHA BODEGA DE OURENSE POR COMETER INFRACCIÓNS EN MATERIA DE DEFENSA CONTRA FRAUDES E CALIDADE AGROALIMENTARIA**

- ***As infraccións acumulan unha multa conxunta de 36.000 euros que hoxe impuxo o Consello da Xunta***

O Consello da Xunta acordou hoxe sancionar unha bodega ourensá cunha multa global de 36.000 euros por acometer unha infracción moi grave e tres infraccións graves en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.

A Consellería do Medio Rural propuxo unha sanción a esta bodega de 30.001 euros como consecuencia de aplicar a sanción prevista por falsificación de produtos ou por venda de produtos falsificados.

Por outra banda, entre as sancións graves impostas ás bodegas atópase unha multa de 2.001 euros por unha infracción derivada da falta de libro-rexistro de entradas e saídas. Ademais, a Consellería do Medio Rural impuxo unha sanción derivada da falta de libro de embotellados sancionada cunha multa de 2.001 euros. Por último, a bodega terá que acometer unha última sanción por non presentar a declaración de existencias por valor de 2.001 euros.

O Consello da Xunta decidiu multar a estas bodegas logo de que inspectores de calidade e Inspección de Defensa contra Fraudes e Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural inspeccionasen nas bodegas a planta embotelladora.

Así, comprobouse que no momento da inspección non se presentou libro-rexistro de entradas e saídas, nin de embotellado, nin declaración de existencias a 31 de xullo. Comprobouse tamén a comercialización de cando menos 54 caixas de 12 botellas de viño tinto reservados a viños con indicacións xeográficas protexidas sen que se acredite tal procedencia. Ademais, utilizouse no etiquetado das referidas 54 caixas de viño dun número de rexistro de embotellador que se corresponde con outra embotelladora. Por outra banda, comprobouse a non acreditación dos rexistros que permitan rastrexar a trazabilidade dos mentados viños.

A competencia para ditar a resolución do presente expediente sancionador, corresponde ao Consello da Xunta por tratarse da imposición dunha sancións de contía superior a 15.025,30 euros.





## **0 SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA 180.000 EUROS Á AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE DODRO, NA CORUÑA**

- ***Os concellos de Muros (A Coruña) e de Negueira de Muñiz (Lugo) ceden ao Servizo Galego de Saúde cadanseu centro asistencial para a prestación da atención primaria***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o concello coruñés de Dodro polo que se procederá a execución das obras de ampliación do centro de saúde de Lestrove, sito na rúa Fortunato Cruces.

Con este convenio, a Sanidade pública galega e o concello de Dodro pretenden dar solución as necesidades de espazos que presentaba o centro de saúde, e así mellorar a calidade asistencial no ámbito da atención primaria do centro.

O concello de Dodro procederá a adquisición dos terreos, a redacción do proxecto de obras, segundo as necesidades funcionais e asistenciais do Servizo Galego de Saúde, así como a execución das citadas obras de acordo coas directrices técnicas da Administración.

O Servizo Galego de Saúde, pola súa banda, achegará un total de 180.000 euros para sufragar os custos derivados das obras.

### **Cesión de centros asistenciais**

Doutra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e os concellos de Muros, na provincia da Coruña, e Negueira de Muñiz, na de Lugo, para a prestación de asistencia sanitaria en réxime ambulatorio aos 1.834 beneficiarios da Seguridade Social nos centros de saúde do Areal da Ribeira do Maio, na parroquia de Esteiro, en Muros; e o de Negueira de Muñiz, no concello homónimo da provincia de Lugo.

Segundo estes convenios, a cesión dos centros para cubrir a necesidade de asistencia sanitaria dos titulares da tarxeta sanitaria en ambos os dous municipios realizarase por un período de dez anos prorrogables anualmente por acordo expreso de cada unha das partes.

O Servizo Galego de Saúde aboará un total de 30.654 euros ao concello de Muros, pola atención de 1.703 usuarias e usuarios. Neste importe quedan incluídos impostos, taxas e cargas legais que puidesen establecerse durante a vixencia do convenio. O concello de Negueira de Muñiz, pola súa banda, recibirá da Sanidade pública galega un importe total de 2.358 euros para a cobertura da asistencia sanitaria de 131 usuarias e usuarios do concello e as mesmas obrigas fiscais.



## **PESCA DESTINA MÁIS DE 100.000 EUROS A PRORROGAR BOLSAS DE FORMACIÓN EN TEMAS DE INVESTIGACIÓN MARIÑA**

- ***As axudas están dirixidas ao persoal especialista e auxiliar e encádranse no Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica***
- ***O período que comprenden estas axudas vai do 1 de outubro de 2006 ata o 30 de setembro de 2007***

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos investirá un total de 115.515 euros na prórroga por un ano de trece bolsas de formación para persoal especialista e auxiliar en temas de investigación mariña. Así quedou autorizado hoxe no Consello da Xunta, onde se acordou que estas axudas, que se encadran no programa de Recursos Humanos do Plan galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación tecnolóxica, se prolongarán por período dun ano.

As tres bolsas destinadas ao persoal especialista teñen como obxecto a realización de teses de doutoramento no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, integrado polo Centro de Corón, situado en Vilanova de Arousa, e o Centro de Cultivos Mariños, de Ribadeo. O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo á prórroga dun ano para estas bolsas, que poderían ser ampliables un ano máis en caso de que así o requiran os beneficiarios das axudas. Os bolseiros poderán realizar as súas teses de doutoramento baseándose nos seguintes temas: Identificación de xenes como potenciais indicadores de resistencia á susceptibilidade a enfermidades na ostra plana e xaponesa, Acumulación e transformación de toxinas de tipo diarreico no mexillón e Cultivo de novas especies de interese comercial de moluscos bivalvos.

No caso da subvención concedida para a formación de persoal auxiliar, esta está destinada a técnicos especialistas en FP2 e ciclos formativos de grao superior co obxectivo de completar a súa formación no CIMA, garantíndolle así a oportunidade de participar en programas específicos de investigación mariña. O número de axudas concedidas en este apartado será de nove en total.

O importe de cada bolsa para formación de persoal especialista inclúe unha asignación mensual bruta de 1.100 euros ampliable ata un máximo de 1.510 euros. Pola súa banda, o bolseiro pertencente ao persoal auxiliar recibirá unha axuda económica de 550 euros ao mes e disporá ademais dun seguro de asistencia médica e un seguro combinado de accidentes.

As axudas que hoxe se prorrogan pertencen a diferentes convocatorias da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA IMPULSA A CREACIÓN DE SPIN-OFFS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS A TRAVÉS DO PROGRAMA “EMPRESA CONCEPTO”**

- ***O Consello da Xunta deu o seu visto e prace ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e as tres universidades galegas para o desenvolvemento do programa***
- ***O orzamento da acción ascende a 605 mil euros, dos que Innovación e Industria achega o 58% (355 mil euros). O resto do financiamento asúmeo a Consellería de Traballo, en virtude doutro convenio de colaboración asinado cos organismos implicados***
- ***A finalidade do programa é a de aproveitar o potencial de investigadores e titulados universitarios con perfil emprendedor que desexen xestionar o seu propio negocio***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o desenvolvemento do programa Empresa Concepto. Este programa ten por obxectivo a dinamización de grupos de investigación universitarios con potencial empresarial e a detección de resultados de investigación ou capacidades tecnolóxicas que conformen unha futura spin-off. Este modelo aborda, desde o propio grupo de investigación, o reto de dinamizar, avaliar, asesorar, incubar e financiar potenciais proxectos empresariais.

En virtude deste convenio de colaboración, a Consellería de Innovación e Industria comprométese a achegar a cantidade de 355 mil euros para o desenvolvemento do programa, un 58% do custo total. Esta contía destinarase a cubrir os custos nos que incorra a universidade de Santiago de Compostela, organismo que actuará como xestor do programa, para si mesma e para as outras tres institucións (universidade da Coruña, universidade de Vigo e CSIC –para os centros que ten localizados en Galicia-), que ademais participarán na execución do programa e na toma de decisións. Estes custos serán, entre outros, os relativos á contratación e desprazamento dos promotores, formación dos promotores, pagamentos aos titores, servizos de xestión do programa e, en certos proxectos, a avaliación externa complementaria.

### **Fomentar a cultura emprendedora**

Todos os organismos asinantes deste convenio de colaboración coinciden nun obxectivo común: a necesidade de fomentar a cultura e o espírito emprendedor, así como a creación de empresas innovadoras. O programa ‘Empresa Concepto’ preséntase como unha ferramenta indispensable para acadar esta finalidade, xa que busca aproveitar o potencial de investigadores e titulados universitarios con perfil emprendedor que desexen xestionar o seu propio negocio co fin de aumentar a capacidade de transferir o amplo coñecemento creado no entorno da Comunidade Universitaria de Galiza. De feito, o programa fai especial fincapé nos proxectos que se desenvolven en base ao esforzo da investigación da propia Comunidade Universitaria, promovendo conxuntamente



actividades dirixidas á captación e promoción de proxectos que respondan ás características propias de actuacións innovadoras con orientación científica e tecnolóxica.

O convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente até o día 30 de xuño do ano 2008. Neste tempo de vixencia, deberán saír deste programa un mínimo de 12 novas empresas-concepto.

### **Creación de 13 empresas de base tecnolóxica no bienio 2004-2006**

O programa Empresa Concepto é unha iniciativa que están a desenvolver as tres universidades galegas e o CSIC baixo a coordinación técnica do programa de creación de empresas Uniemprende, da Universidade de Santiago de Compostela. Este programa está financiado pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria e a súa finalidade é pór a disposición dos centros de investigación os recursos financeiros e humanos que posibiliten a creación dun futuro negocio arredor de tecnoloxías xurdidas da actividade investigadora.

O programa 'Empresa Concepto' posúe catro obxectivos fundamentais: a creación dun contorno favorable para o xurdimento de empresas de base tecnolóxica, a detección de resultados de investigación sobre os que basear o desenvolvemento dun negocio, o estudo da viabilidade comercial das tecnoloxías a estudo (o plan de negocio) e o lanzamento e consolidación da empresa de base tecnolóxica.

Dende a súa creación, no ano 2004, o programa 'Empresa Concepto' posibilitou a posta en marcha dun total de 24 proxectos, dos que 16 están finalizados, 6 en execución e os outros dous atópanse en estado de avaliación. Os resultados obtidos no bienio 2004-2006 sinalan que, dos 24 proxectos presentados, 13 constituíronse xa en empresas de base tecnolóxica (spin-off) de diferentes áreas de coñecemento, e potenciáronse diversos servizos universitarios.



## **A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA PRETO DE 200 MIL EUROS PARA O COFINANCIAMENTO DE DOUS PROXECTOS EUROPEOS DO CESGA**

- ***Os proxectos EGEE II e 'inte.eu.grid' traballan no desenvolvemento de dúas redes Grid, un tipo específico de redes informáticas que permiten ás organizacións compartir recursos de moitos ordenadores para facer fronte a diferentes necesidades computacionais***
- ***O custo total de ambos os dous proxectos ascende a preto de 600 mil euros (593.060 euros), dos que a Unión Europea financia o 50% e o CESGA asumirá a cantidade restante (119.015 euros)***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a posta en marcha dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), para o cofinanciamento de dous proxectos europeos: EGEE II (Enabling Grids for e-science) e 'inte.eu.grid'. Trátase de dúas iniciativas que traballan no desenvolvemento de redes Grid, un tipo específico de redes informáticas que permiten ás organizacións compartir recursos de moitos ordenadores para facer fronte a diferentes tipos de necesidades, creando unha imaxe de sistema integrado e único adecuado para a resolución de certos tipos de problemas que un ordenador individual resolvería de forma menos eficiente.

Concretamente, o proxecto EGEE II ten por obxecto construír un Grid de computación e desenvolver a infraestrutura de servizo que proporcione unha dispoñibilidade aos científicos as 24 horas do día os sete días da semana. O proxecto 'inte.eu.grid', pola súa parte, persegue dispoñer dun Grid computacional para aplicacións con necesidades de resposta inmediata.

### **A informática ao servizo da ciencia**

O custo total de ambos proxectos ascende a preto de 600 mil euros (593.060 euros), dos que a Unión Europea achega o 50% (182.530 euros para o proxecto EGEE II, e 114.000 euros para o 'inte.eu.grid'). A achega da Consellería de Innovación e Industria é de case 200 mil euros (177.515 euros), a repartir entre o proxecto EGEE II (que recibirá 87.077 euros) e o 'inte.eu.grid' (90.438 euros). A axuda concedida por Innovación e Industria poderá destinarse aos seguintes conceptos: custo de persoal adicional técnico-científico, persoal técnico do CESGA, adquisición de equipamentos e instrumental precisos para a realización do proxecto, servizos tecnolóxicos externos, adquisición de materiais funxibles e viaxes relacionadas coa execución do proxecto.

Os 119.015 euros restantes serán asumidos polo CESGA, que custeará 95.453 euros do desenvolvemento do proxecto EGEE II e 23.562 euros do proxecto 'inte.eu.grid'. A duración do convenio esténdese dende a data da súa sinatura ata o 30 de maio do ano 2008.

A Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia ten por obxecto fomentar, difundir e prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás



comunidades investigadoras galegas e do CSIC, así como ás empresas ou institucións que o soliciten. Entre os seus fins, figuran todos aqueles que promovan o uso de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento da ciencia. Un obxectivo que coincide co traballo desenvolvido pola Consellería de Innovación e Industria, e co seu interese en promover proxectos de ámbito europeo e en potenciar o uso das novas tecnoloxías no I+D+i en Galicia.



## A XUNTA CONTRIBUIRÁ AO ESTUDO E ASISTENCIA DOS MAMÍFEROS E TARTARUGAS MARIÑAS AMEAZADAS NAS COSTAS GALEGAS

- ***A Consellería de Medio Ambiente asinará coa Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) un convenio de colaboración, que permitirá artellar medidas para protexer estas poboacións***
- ***A acordo ten como obxectivo o control e a mellora nos traballos de conservación das principais especies mariñas como a toniña, o arroaz ou o golfiño común, que regularmente habitan no litoral***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible subscribirá un convenio de colaboración coa Coordinadora para o Estudo de Mamíferos Mariños (CEMMA) co obxectivo de garantir a conservación das especies ameazadas que habitan nas costas galegas.

En virtude deste acordo, aprobado hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente achegará, con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano, a cantidade de 141.500 euros para levar a cabo as tarefas de investigación.

A Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), pola súa banda, centrará os seus esforzos en adoptar medidas de xestión co obxecto de frear o declive destas poboacións mariñas ameazadas. As liñas principais de actuación comprenden o seguimento destas especies para acadar unha mellora no coñecemento, asistencia, manexo e monitorización con finalidades científicas e de rehabilitación.

Esta iniciativa comprenderá, entre outras actividades, a detección, rexistro e asistencia de todos os varamentos deste tipo de especies na comunidade, recollendo mostras que acheguen información sobre os ciclos de vida, a xenética, a alimentación ou os contaminantes acumulados nos tecidos. Consolidarase tamén unha rede de seguimento destas poboacións e recadarase información como base para a realización de plans de conservación.

A aplicación deste acordo incluírá a toda a franxa costeira da comunidade. Así mesmo, realizarase unha división de toda esta zona en 6 subáreas permitindo un incremento da operatividade da iniciativa:

Súbarea	Delimitación
Subárea 1	Da Ría de Ribadeo a Estaca de Bares
Subárea 2	De Estaca de Bares a Punta Segaña
Subárea 3	De Punta Segaña a Cabo Fisterra



<i>Subárea 4</i>	De Cabo Fisterra a Punta Couso
<i>Subárea 5</i>	De Punta Couso a Cabo Home
<i>Subárea 6</i>	De Cabo Home ata a desembocadura do Miño





## **MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 200.000 EUROS NA ADECUACIÓN E SELAXE DOS VERTEDOIROIS DE RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE MORAÑA**

- ***O proxecto recolle a selaxe dos depósitos de Soar, Querguizo e Santa Cruz de Lamas***
- ***O departamento autonómico financiará o 100% das actuacións previstas, que deberán estar listas nun prazo de tres meses***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible prestará colaboración técnica e financeira ao concello de Moraña (Pontevedra) para a adecuación, selaxe e clausura dos vertedoiros de residuos urbanos. Concretamente, trátase dos depósitos de Soar, Querguizo e Santa Cruz de Lamas.

A actuación, que foi aprobada hoxe no Consello da Xunta, conta cun orzamento de 205.781,23 euros e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Os tres vertedoiros obxecto do proxecto ocupan unha superficie total de 5.000 metros cadrados, sendo o máis grande o de Santa Cruz de Lamas, cunha extensión de 3.025, seguido do de Soar, no que os residuos ocupan 1.626 metros e de Querguizo, que só recibía residuos voluminosos e ocupaba unha superficie de 425 metros cadrados. Nos tres, a consellería acondicionará e rexenerará ambientalmente os terreos onde se depositaban os residuos. Os traballos deberán estar rematados nun prazo de tres meses tras a adxudicación da obra.



## **MEDIO AMBIENTE DESTINA 538.000 EUROS Á MELLORA DO SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE OUTES E BOIRO, NA PROVINCIA DA CORUÑA**

- ***Ambas as actuacións permitirán renovar a rede de sumidoiros das dúas localidades, establecendo separación de pluviais e residuais.***

Os concellos de Boiro e Outes, na provincia da Coruña, serán obxecto de senllos proxectos de mellora do saneamento por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Trátase da creación dunha rede separativa de augas pluviais e residuais na Serra de Outes, e da ampliación do saneamento no caso de Boiro. Ambas actuacións suman un orzamento de 538.513 euros, que serán financiados pola departamento autonómico a través do organismo Augas de Galicia.

No caso de Serra de Outes, a consellería ten previsto mellorar o rendemento do servizo de saneamento, construíndo máis arquetas que contribúan a renovar as redes de sumidoiro actuais. O proxecto conta cun orzamento de 388.000 euros e un prazo de execución dun ano.

Pola súa banda, o concello de Boiro será obxecto dun proxecto de ampliación do saneamento. O novo trazado permitirá ademais crear unha rede separativa de augas pluviais e fecais no lugar denominado Boiro de Arriba, que se conectará ao sistema xa existente na rúa Principal, que xa dispón de canalizacións diferenciadas. O proxecto conta cun orzamento de 150.513 euros e deberá estar listo nun prazo de catro meses, contados a partir da súa adxudicación.



## **A XUNTA INVESTIRÁ 930.00 EUROS NA RECUPERACIÓN DAS MARXES DO RÍO GAFO, EN PONTEVEDRA**

- ***O proxecto contempla a adecuación dunha senda fluvial ao longo do leito, a reparación da rede de saneamento e o acondicionamento das ribeiras no seu tramo final***
- ***A actuación recollerase nun convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o concello de Pontevedra.***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, coa colaboración do concello de Pontevedra, vai acometer un importante proxecto de mellora das marxes do río Gafos. A actuación conta cun investimento de 930.000 euros, que serán financiados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

As obras, aprobadas hoxe polo consello da Xunta, recollen a adecuación dunha senda fluvial ao longo do río Gafos, a reparación da rede de saneamento e o acondicionamento das marxes no tramo final deste, antes da súa desembocadura no Lérez, na cidade de Pontevedra.

A empresa pública de augas será a encargada de contratar, dirixir e coordinar os traballos necesarios para a execución do citado proxecto, mentres que a entidade local deberá por a disposición da consellería os terreos necesarios para desenvolver as actuacións previstas. Unha vez rematen os traballos de mellora, Augas de Galicia entregará ao Concello de Pontevedra os mesmos, para que a entidade local se ocupe do seu mantemento e conservación. Todas estas medidas plasmaranse nun convenio de colaboración entre ambas institucións, que será avaliado por unha comisión de seguimento.



## MEDIO AMBIENTE COLABORARÁ CO CONCELLO DA CORUÑA NA MELLORA DA REDE DE SUMIDOIROS NA CIDADE

- **As obras previstas supoñen un investimento de 624.155 euros, contía que será financiada nun 70% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e nun 30% pola entidade local**
- **A actuación beneficiará a trece zonas da termo municipal**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en colaboración co Concello da Coruña, vai acometer plan de mellora das redes de sumidoiros en 13 zonas do termo municipal.

O proxecto conta cun orzamento de 624.155,00 euros, que será financiado nun 70%, 436.908,50 euros, pola Consellería de Medio Ambiente a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) e nun 30%, 187.246,50 euros, polo concello da Coruña.

As actuacións de mellora quedan definidas en diferentes obras que comprenden: a recollida de pluviais na avenida Salgado Torres, na rúa paralela ao paseo de Ronda, na rúa Pérez Cepeda, na rúa Fariña Ferreño, no lugar de Santa Cecilia de Feáns e na rúa Juan Montes. Así mesmo, o plan implica a reposición das redes de sumidoiro na rúa Camilo José Cela, en Mesoiro – Camiño de Cadeiras, en Curramontes e na rúa Cantera. Na mesma liña, o proxecto aprobado no consello da Xunta celebrado hoxe recolle a reposición de sumidoiros na zona paralela a rúa Ermida e realización da pavimentación e recollida de pluviais na quenlla do Lagarto. A lista de actuacións complétase cun pozo de bombeo nas Xubias.

### Actuacións recollidas no convenio:

Obra	Orzamento
1. <i>Recollida de pluviais na avda. Salgado Torres (zona do Cuartel da Garda Civil)</i>	100.826,00 euros
2. <i>Pluviais na paralela ao Paseo de Ronda</i>	33.910,00 euros
3. <i>Recollida de pluviais na rúa Pérez Cepeda</i>	29.887,00 euros
4. <i>Sumidoiro na rúa Camilo José Cela</i>	113.506,00 euros
5. <i>Pozo de bombeo en As Xubias</i>	12.809,00 eur
6. <i>Sumidoiro en Mesoiro – Camiño de Cadeiras</i>	41.350,00 eur
7. <i>Sumidoiro en Curramontes (escola de Enfermaría)</i>	35.037,00 eur



8. <i>Pluviais na rúa Fariña Ferreño</i>	51.143,00 eur
9. <i>Sumidoiro na rúa Cantera</i>	13.045,00 eur
10. <i>Recollida de pluviais no lugar de Santa Cecilia de Feáns</i>	11.959,00 eur
11. <i>Reposición de sumidoiro na paralela á rúa Ermida</i>	10.490,00 eur
12. <i>Pavimentación e recollida de pluviais no Calexón do Lagarto</i>	29.945,00 eur
13. <i>Recollida de pluviais na rúa Juan Montes</i>	140.248,00 euros
<b>Total do orzamento</b>	<b>624.155,00 euros</b>



## **A CONSELLERÍA DE TRABALLO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DO XVII CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS**

- ***Esta colaboración concrétase na sinatura dun convenio entre ambas entidades, cuxa dotación supera os 74.000 euros, cantidade que será financiada integramente polo Consello Galego de Relacións Laborais, organismo adscrito á Consellería***
- ***A Universidade de Santiago achegará os recursos humanos e medios materiais e técnicos necesarios para o desenvolvemento do curso que comezará o vindeiro mes de setembro e se prolongará ata marzo do próximo ano***
- ***O obxectivo deste curso de posgrao, no que participarán un máximo de 75 alumnos, é afondar e promover as actividades docentes directamente relacionadas co mundo laboral e a formación e a especialización de profesionais nesta materia***

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da XVII edición do Curso Superior de Relacións Laborais. Trátase dun curso de especialización de posgrao que se desenvolverá entre setembro de 2006 e marzo de 2007, e no que participarán un máximo de 75 alumnos.

O curso diríxese a licenciados en Ciencias Económicas, Empresariais e Dereito; a diplomados en Relacións Laborais; a cadros das organizacións empresariais e sindicais; e a quen desempeñe tarefas de xestión de recursos humanos, se ben poderase autorizar a asistencia doutros titulados nos que concorra unha especial vinculación co ámbito obxecto do curso.

O obxectivo do curso é afondar e promover as actividades docentes directamente relacionadas co mundo laboral e a formación e a especialización de profesionais nesta materia. Deste xeito, renóvase a experiencia iniciada en 1990, dada a demanda pola sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no eido das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado que se mostra cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos e as esixencias organizativas das empresas.

Neste senso, preténdese que o alumno atope no curso un lugar de exposición e debate dos cambios que se veñen producindo na lexislación laboral, principalmente desde 1994, os que afectan, ademais de ao mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do traballo), á negociación colectiva, á representación dos traballadores na empresa, á Seguridade Social e á seguridade e hixiene no traballo. Asemade, cómpre non esquecer a incidencia que está a ter o dereito social comunitario sobre as lexislacións sociais dos distintos Estados membros da Unión Europea.

Na planificación do curso prestarase ademais especial atención á adaptación dos contidos didácticos ao novo marco legal e convencional polo que están chamadas a discorrer as relacións laborais e de Seguridade Social, iniciada xa nas últimas edicións do curso,



proséguese nesta XVII, na que se pretende afondar, unha vez máis, nas consecuencias prácticas dos procesos de reforma, queréndose ofrecer solucións fronte aos problemas presentados pola aplicación das novas normas, tanto laborais como de Seguridade Social.

Así, levaranse a cabo diversas accións de formación e actualización nas materias laborais en xeral, facilitando a capacitación dos alumnos para resolver as cuestións suscitadas polas relacións laborais e a xestión de recursos humanos, a través do tratamento e a exposición dos temas cunha orientación práctica, axustada á realidade empresarial, xudicial e administrativa, con eventual constitución de grupos de traballo para o exame e discusión dos supostos prácticos que forman parte do contido das ensinanzas programadas e que na súa proporción, na relación coas exposicións teóricas, vén medrando nos últimos anos.

Os contidos do curso distribuiranse en varios módulos nos que se tratarán cuestións referentes á política e xestión integrada dos recursos humanos, relacións individuais e colectivas de traballo, dereito administrativo e penal do traballo, Seguridade Social e dereito comunitario, entre outros. A formación adquirida a través destes módulos teóricos complementarase con diversas conferencias, intervencións dos axentes sociais e visitas a empresas.

O Consello Galego de Relacións Laborais, organismo adscrito á Consellería de Traballo, financiará integramente o custo total do curso que ascende a 74.118,30 euros. Pola súa banda, a universidade de Santiago de Compostela achegará os recursos humanos e medios materiais e técnicos necesarios para o desenvolvemento do curso.

Así mesmo, constituirase unha Comisión Reitora, composta polo reitor da universidade de Santiago, Senén Barro, polo conselleiro de Traballo, Ricardo Varela e polo presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Demetrio Fernández, para a execución, coordinación e seguimento das accións promovidas por este convenio.



## **A ECONOMÍA GALEGA CRECE UN 3,7% NO PRIMEIRO TRIMESTRE E SUPERA EN DÚAS DÉCIMAS O CRECEMENTO DO CONXUNTO DE ESPAÑA**

- *O PIB da economía galega tamén supera en dúas décimas o crecemento do trimestre anterior grazas ao impulso do sector industrial*
- *Os indicadores de exportacións e importacións reflicten o crecemento máis acelerado das vendas ao exterior, que crecen un 7% no período*
- *A evolución do emprego rexistra tamén un crecemento salientable ao superar en case dous puntos a taxa do último trimestre de 2005 e situarse nun 3,1% interanual ao finalizar marzo*

O crecemento da economía galega durante o primeiro trimestre de ano mantén o bo pulso con que rematou o exercicio 2005 e mesmo supera a taxa de crecemento do último trimestre. Segundo os datos de Contabilidade Trimestral feitos públicos hoxe polo Instituto Galego de Estatística (IGE), o crecemento do Produto Interior Bruto (PIB) galego no primeiro trimestre deste ano foi dun 3,7%, dous décimas por riba do rexistro do cuarto trimestre, e tamén dúas décimas máis que o crecemento rexistrado no conxunto español.

Entre os rasgos máis salientables do período, os datos do IGE revelan o maior dinamismo da Formación Bruta de Capital, que creceu un 4,6% -frente ao 4,4% do trimestre anterior-; e o crecemento acelerado das exportacións fronte ás importacións. En ámbolos dous casos, a evolución rexistrada supera ao do último trimestre do ano 2005, cun crecemento do 7% no caso das vendas ao exterior; e dun 6,6% no das compras. Na primeira magnitude, segundo indica o informe do IGE, é de salientar o positivo comportamento do turismo e das exportacións fóra de España.

Destaca tamén, dende a perspectiva da oferta, a aceleración rexistrada no sector industrial que avanza un 4,9% grazas, principalmente, á evolución das ramas de produtos enerxéticos (+3,8%) e de produtos industriais (+5,2%). Este crecemento, segundo reconece o IGE, está en consonancia co forte crecemento experimentado polo Índice de Producción Industrial. O último dato dispoñible deste indicador, relativo ao mes de maio, amosa un crecemento en Galicia do 11,6% -a segunda comunidade tras Cantabria- fronte á media española do 7,9%.

### **Boa evolución do emprego**

En canto ao emprego, os datos de Contabilidade Trimestral amosan un crecemento interanual do 3,1% durante o primeiro trimestre, que supera en case dous puntos a taxa do último trimestre de 2005, e en oito décimas a taxa media do conxunto dese ano. Medido en termos de 'creación de postos de traballo a tempo completo', o balance ata marzo reflicte un aumento de 32.552 nesta unidade. Cualitativamente, o dinamismo da creación de emprego foi maior nos servizos non de mercado e na construción, fronte a unha contracción nas ramas agraria e pesqueira, e enerxética.





## O SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA RECIBIU NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO CASE 10 MILLÓNS DE EUROS Á MARXE DO PLAN DE FINANCIAMENTO

- ***A conselleira de Educación informou ao Consello da Xunta de que se emitiran 130 informes sobre as achegas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia ás universidades galegas e institucións que dependen delas***

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou ao Consello da Xunta de Galicia dos investimentos realizados no primeiro semestre do ano 2006 pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as demais consellerías do Goberno galego nas tres universidades galegas á marxe do Plan de Financiamento do Sistema Universitario.

Segundo indicou a máxima responsable da Administración educativa, a Consellería de Educación emitiu 130 informes sobre as achegas económicas e infraestruturas dos distintos departamentos gubernativos ás institucións de ensino superior. Estes investimentos suman un total de 9.730.365,42 euros que se destinan neste ano 2006.

Á marxe destes acordos, a Consellería de Educación destinou este ano 2006 un total de 291.216.286,67 euros comprometidos ao abeiro do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2005-2010.

Os acordos asinados entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia supuxeron un investimento de preto dos 10 millóns de euros distribuídos de xeito que a universidade de Santiago recibiu 5.071.331,75 euros; a de A Coruña 3.314.168,73 e a de Vigo 1.154.864,94 e a Fundación Empresa Universidade, 190.000 euros.

Os acordos acadados tamén comprometen achegas para os vindeiros anos, concretamente ata o ano 2016. O total deste investimento comprometido ascende a 40.604.918,96 euros.



## **A CONSELLEIRA DE SANIDADE INFORMA AO CONSELLO DO DESCENSO NAS DOAZÓNS DE SANGUE DURANTE OS MESES DE VERÁN**

- ***Desde o CTG realiza un chamamento aos cidadáns para que acudan a doar sangue, especialmente aos grupos A negativo e O positivo***

As boas condicións meteorolóxicas do que vai de mes de xullo provocaron un descenso do 20 por cento na participación da cidadanía nas campañas de doazón de sangue. Así o expuxo a Conselleira de Sanidade no Consello da Xunta, onde seu deu conta dun informe sobre a situación. Por esta situación, o Centro de Transfusión de Galicia e a Consellería de Sanidade fan un chamamento á poboación para que acudan a doar sangue nalgún dos sete puntos fixos ou nas dez unidades móbiles de doazón de sangue.

Nestes momentos, o Centro de Transfusión de Galicia só pode garantir unha reserva de tres días para os grupos O positivo e A negativo; mentres que nos demais grupos sanguíneos as reservas, sendo maiores, non chegan a situacións de alerta.

O sangue é un elemento que non se pode fabricar e que todos os días do ano é empregado para atender as persoas que son sometidas a intervencións cirúrxicas, que sufriron accidentes, que padecen anemias, hemorrxias, enfermidades crónicas, cancro, leucemia, ou para os transplantes de órganos, entre outras.

En Galicia precísanse case 500 doazóns de sangue cada día, polo que as dez unidades móbiles do Centro de Transfusión de Galicia continuarán achegándose aos núcleos principais de poboación dos concellos, as parroquias e barrios das grandes cidades para facilitar a participación.

Ademais, o Centro de Transfusión de Galicia conta con locais permanentes de doazón de sangue nas sete grandes cidades galegas, e ofrece información sobre os puntos de doazón no teléfono gratuito 900 100 828 de 8.00 a 22.00 horas ou na páxina web <http://ctg.sergas.es>.

As doazóns recollidas nas unidades móbiles e nos locais de doazón, envíanse a diario ao Centro de Transfusión de Galicia para o seu procesamento, análise e conservación.

O Centro de Transfusión de Galicia establece con cada centro sanitario unhas reservas de seguridade dos diferentes grupos sanguíneos e, cada día, envía a cantidade necesaria de compoñentes sanguíneos que precisan, para desenvolver a súa actividade asistencial programada e facer fronte ás urxencias.

O CTG continúa desenvolvendo unha campaña informativa especial nos meses de verán e achega as unidades móbiles a máis de 250 concellos galegos, o que supón levar a cabo máis de 700 campañas de doazón de sangue.

### **Sinxelos requisitos**



Para doar sangue só é necesario ter máis de 18 anos, pesar máis de 50 quilos e non padecer enfermidades transmisibles polo sangue (SIDA, hepatite B ou C ou sífilis). Os doadores maiores de 65 anos poden seguir doando co informe favorable do seu médico de cabeceira.

Os homes poden doar un máximo de catro veces ó ano e as mulleres tres veces ó ano; deixando pasar entre cada doazón un mínimo de dous meses. Non se debe acudir sen almorzar e despois de xantar haberá que deixar pasar dúas horas.

Antes da doazón, un médico realiza unha entrevista e un exame médico básico para confirmar a boa saúde do doador e, deste xeito, protexer ao futuro receptor dos compoñentes sanguíneos. Mídese o pulso, a tensión sanguínea e tómase unha pinga de sangue dun dedo para medir o nivel de hemoglobina e descartar unha posible anemia.

A doazón de sangue dura aproximadamente de cinco a sete minutos. O persoal sanitario emprega material estéril e dun só uso, que é desprecintado momentos antes de atender ao doador. Polo tanto, durante a doazón, non hai ningunha posibilidade de contraer enfermidades transmisibles polo sangue.

Ao rematar, ó doador toma un refrixerio consistente en auga ou refrescos e algún alimento sólido. O volume de sangue extraído (450 mililitros) recupérase nas dúas horas posteriores á doazón, polo que este acto solidario non debilita o organismo humano.

Dende 1985, a lexislación define a doazón de sangue como un acto responsable, voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuíto.